



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MUROS

Aprobación modificación Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola recollida de lixo

Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola recollida de lixo do Concello de Muros

ANUNCIO

Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola recollida de lixo do Concello de Muros

No BOP núm. 214 de 7 de novembro de 2025, foi publicado o anuncio do acordo do pleno do 5 de novembro de 2025, de aprobación inicial modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola recollida de lixo do Concello de Muros, abríndose o prazo dun mes para a presentación de alegacións, reclamacións ou suxestións.

Presentadas alegacións, reclamacións ou suxestións no prazo establecido, estas foron resoltas polo Pleno municipal en sesión celebrada o 26 de decembro de 2025, na que se aprobou definitivamente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola recollida de lixo do Concello de Muros, cuxo texto integro é o seguinte:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA DE LIXO DO CONCELLO DE MUROS

Artigo 1.-Feito imponible.

1.-Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida de lixo e residuos sólidos urbanos no municipio de Muros, procedentes de vivendas e establecementos comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou doutros usos, que estean en condicións de habitabilidade ou utilización e con independencia de que sexan ou non efectivamente habitados ou utilizados.

2.-Para estes efectos, enténdense como lixo e residuos sólidos urbanos os xerados nos lugares citados no apartado anterior que non estean incluídos na categoría de tóxicos ou perigosos pola lexislación sectorial aplicable ou requiran a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

Artigo 2.-Suxeitos pasivos.

1.-Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, que ocupen ou usen vivendas e locais emprazados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nas que se preste o servizo, a título de propietario, usufrutuario, habitacionista ou arrendatario.

2.-Para o caso das vivendas, son suxeitos pasivos substitutos do contribuínte e obrigados ó pagamento da taxa os donos e usufrutuarios, que poderán repercutilas cotas satisfeitas nos seus usuarios, se é o caso.

3.-No caso dos establecementos comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou doutros usos que se atopen pechados ou sen uso, tamén terán a condición de substitutos do contribuínte os donos do inmovle.

Artigo 3.-Responsables.

1.-Responderán solidariamente das obrigas tributarias xunto cos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

2.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 4.-Cota tributaria.

Grupo	Tipo	Cota tributaria
A	Vivendas	86,02 €
B	Despachos profesionais, oficinas e establecementos comerciais en xeral de menos de 250 m2	175,45 €
C	De talleres, almacéns, cafeterías, hostais, cafés, bares, pubs e semellantes	219,30 €
D	Restaurantes, hoteis, cámpings, supermercados e establecementos comerciais en xeral de máis de 250 m2 de superficie, oficinas bancarias, discotecas, salas de festa e establecementos industriais e semellantes	350,90 €

Artigo 5.-Bonificación.

1. Os suxeitos pasivos da tarifa do grupo A) terán dereito a unha bonificación de ata o 75% da taxa cando reúnan os seguintes requisitos: a) teren a condición de pensionistas da seguridade social, beneficiarios da prestación Risga ou que estivesen en situación legal de desemprego durante os últimos doce meses; e b) que os ingresos económicos da súa unidade familiar sexan iguais ou inferiores en cómputo anual ó salario mínimo interprofesional.

2. A bonificación anterior soamente será aplicable á taxa correspondente á vivenda habitual do contribuínte.

3. Os interesados solicitarán a bonificación durante o período de exposición ó público da lista de contribuíntes e achegarán a documentación que acredite o cumprimento dos requisitos esixidos.

4. Con carácter excepcional e por razóns de equidade a Comisión de Goberno poderá: a) recoñecerlle a bonificación a aquel contribuínte que sen reunir os requisitos esixidos no apartado 1 anterior, estea nunha situación persoal e familiar que revele unha notoria dificultade para afrontar o pagamento da taxa; ou b) denegarlle a bonificación ó contribuínte que aínda que reúna obxectivamente os requisitos do apartado 1 anterior, sexa titular dun patrimonio ou disfrute de signos de riqueza que revelen capacidade económica para o pagamento da taxa. En calquera caso, a resolución municipal será motivada.

Artigo 6.-Período impositivo e xeración de obrigas.

1.-O período impositivo cadrará co ano natural non sendo nos casos que se regulan no artigo seguinte, en que poderá coincidir cun semestre natural.

2.-A retribución da taxa e a obriga de contribuír prodúcense o 1 de xaneiro de cada ano, non sendo que proceda o prorrateo por semestres naturais nos termos que expresa o artigo seguinte.

Artigo 7.-Altas e declaracións.

1.-As altas na lista de contribuíntes da taxa por vivendas producíranse a partir das declaracións dos donos e usufrutuarios das vivendas que están obrigados para os efectos do que dispón o artigo 77 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais. En casos de alteracións de orde física, económica e xurídica dos inmobles, son relevantes as seguintes obrigas tributarias:

a) nos supostos de construción, ampliación, rehabilitación ou demolición, os donos ou usufrutuarios deberán presentar a correspondente declaración na Xerencia Territorial do Catastro no prazo de dous meses, contados dende que se conclúan as obras;

b) nos supostos de transmisión da propiedade ou constitución de dereito de usufruto, deberán presentar declaración na Xerencia Territorial do Catastro no prazo de dous meses, contados dende que se outorgou o negocio xurídico.

2.-No tocante ós establecementos comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou doutros usos, enténdese como declaración de alta a solicitude da licenza de actividade e principiarán os efectos de xeración de obrigas a partir da data do outorgamento da licenza ou de iniciación efectiva da actividade. As autorizacións dos cambios de titularidade e as concesións das licencias de actividade producirán os efectos de notificación de alta na lista de contribuíntes.

3.-A omisión das declaracións referidas no apartado 1 anterior e a iniciación de actividades do apartado 2 sen licenza constitúen infraccións tributarias graves para os efectos desta ordenanza, de conformidade co artigo 79.b) da Lei xeral tributaria.

4.-Os titulares das actividades profesionais que non precisen de licenza específica deberán presentar declaración do exercicio da actividade no prazo dun mes para a súa inclusión na lista de contribuíntes.

5.-Os titulares das actividades deberán formular declaración de baixa cando sexan destituídos no desenvolvemento destas.

6.-As altas, baixas e variacións producirán efectos do xeito seguinte:

a) as altas de vivendas derivadas de nova construción e rehabilitación producirán efectos para o exercicio seguinte en que conclúan as obras.

b) as modificacións derivadas de cambio de titularidade da vivenda ou usufruto producirán efectos para o exercicio seguinte en que se produza a transmisión ou constitución.

c) as baixas por demolición ou expropiación causarán efectos para o semestre seguinte a aquel en que se presenten.

d) as altas de establecementos comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou doutros usos causarán efectos o primeiro día do semestre natural seguinte.

e) as baixas de establecementos por cesamento da actividade producirán efectos nas seguintes datas:

-As presentadas entre o 1 de febreiro e o 30 de xullo, con data 30 de xuño do ano en curso.

-As presentadas entre o 1 de agosto e o 31 de decembro, con data 31 de decembro do ano en curso;

-As presentadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de xaneiro, con data 31 de decembro do ano anterior.

Artigo 8.-Ingreso.

As cotas ingresaranse a primeira vez no prazo que determine a notificación individual que se lles realice ós interesados. No sucesivo, a cota anual será aboada como débeda de vencemento periódico e notificación colectiva na forma que sinala o Regulamento xeral de recadación.

Artigo 9.-Infraccións e sancións.

No tocante á cualificación de infraccións e imposición de sancións tributarias que correspondan en cada caso será de aplicación o que dispoñen os artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria.

Disposición final

Esta modificación entrará en vigor o primeiro de xaneiro do ano dous mil vinte e seis.

Muros, 26 de decembro de 2025

A Alcaldesa

María Lago Lestón

2025/8667